ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA 2 DE NOVEMBRO DE 2026

PRESIDENTE:
PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:
CARMELA PRIETO CAL
JESÚS ROMERO CARRACELAS
LUCÍA PICOS ANEIROS
ISMAEL DURÁN BEREIJO
XULIO CRIBEIRO GARCÍA
PABLO LUÍS NEBRIL LÓPEZ
OLGA IGLESIAS BEREIJO
HIGINIO MANUEL CASAS REGUEIRA
MARÍA JOSÉ PERNAS DÍAZ
NOEL LÓPEZ LÓPEZ
MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ
Mª DIANA CENDÁN RODRÍGUEZ

SECRETARIO:
FRANCISCO JAVIER ZUNZUNEGUI VÁZQUEZ

INTERVENTORA:
Mª CARMEN MENÉNDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 9:05 horas do día 2 de novembro de 2026, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar sesión extraordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretario o titular da Corporación, don Francisco Javier Zunzunegui Vázquez, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta esta.

O Sr. Alcalde comunica que se vai cambiar a orde do día, pasando o sorteo das mesas electorais ó último punto, por se alguén se ten que ir.

2. SOLICITUDE DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE CEDEIRA Á INICIATIVA “REDE DE CONCELLOS CONTRA O CANCRO” IMPULSADA POLA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO NA PROVINCIA DA CORUÑA CO FINANCIAMENTO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Polo Secretario dáse lectura á proposta de Alcaldía de data 27 de outubro de 2026, que di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira https://sede.concellodecedeira.es co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

CVD: 2eLg1IqZUTAR2BoUb2l3 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/

ASUNTO: SOLICITUDE DE ADHESIÓN DO CONCELLO DE CEDEIRA Á INICIATIVA "REDE DE CONCELLOS CONTRA O CANCRO" IMPULSADA POLA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO NA PROVINCIA DA CORUÑA CO FINANCIAMENTO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

A Asociación Española Contra o Cancro, a través da súa Xunta Provincial da Coruña e co apoio institucional e a colaboración da Deputación da Coruña, impulsa o recoñecemento "Concello Contra o Cancro" como instrumento para identificar, poñer en valor e visibilizar o compromiso dos municipios da provincia coa prevención do cancro, a promoción da saúde, o apoio ás persoas afectadas e ás súas familias e a participación social e comunitaria.

A obtención deste recoñecemento constitúe o paso previo para a incorporación dos municipios á "Rede de Concellos Contra o Cancro" (en diante, a RCCC ou a Rede). A Rede nace, polo tanto, como unha estrutura de cooperación integrada por aqueles concellos que acreditaron o cumprimento dos requisitos establecidos nestas bases e obtiveron o recoñecemento oficial da Asociación como Concello Contra o Cancro.

A partir deste marco común, a RCCC pretende apoiar, impulsar, dinamizar e coordinar as iniciativas municipais no ámbito da provincia da Coruña, favorecendo unha xestión eficiente e coordinada dos recursos dispoñibles grazas á experiencia da Asociación Española Contra o Cancro e á capilaridade dos seus recursos a nivel provincial. Así mesmo, busca reforzar a equidade territorial, mellorar a accesibilidade aos recursos de promoción da saúde e contribuír á calidade de vida das persoas afectadas polo cancro e das súas familias en todo o territorio provincial.

O **obxectivo xeral** é crear unha estrutura de cooperación estable entre a Asociación e os concellos da provincia da Coruña que promova contornas saudables, fortaleza o apoio comunitario e mellore o benestar integral das persoas afectadas polo cancro e as súas familias, contando co apoio da Deputación da Coruña

Como **obxectivos específicos** están:

• Impulsar o compromiso institucional dos municipios coa prevención do cancro e a promoción da saúde, reforzando a coordinación entre estes, as Xuntas Locais da Asociación, a Atención Primaria e os Servizos Sociais Comunitarios.

• Potenciar o coñecemento xeral dos recursos dispoñibles tanto dos concellos como da Asociación para as persoas afectadas e as súas familias, e maximizar o seu aproveitamento.

• Favorecer o acceso a recursos de atención e apoio para pacientes oncolóxicos e as súas familias en todo o territorio.

• Promover estilos de vida saudables mediante accións comunitarias estables.

• Fomentar a participación activa da cidadanía e do voluntariado en iniciativas de saúde comunitaria.

O Concello de Cedeira recoñece a importancia da prevención do cancro, o acompañamento a pacientes e familias e a participación solidaria. Ademáis, o Concello de Cedeira se compromete a actuar conforme aos valores da Rede de Concellos Contra o Cancro, promovendo iniciativas sostibles e responsables que beneficien a toda a comunidade.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira https://sede.concellodecedeira.es co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

CVD: 2eLg1IqZUTAR2BoUb2l3 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/

Valores de compromiso:

• **Prevención activa**: fomentar hábitos saudables e espazos libres de fume no territorio.
• **Atención cercana**: garantizar apoio a pacientes oncolóxicos e as súas familias mediante canles estables.
• **Participación comunitaria**: impulsar a acción voluntaria e a colaboración cidadana.
• **Transparencia**: manter información clara e verificable sobre as accións desenvolvidas.
• **Compromiso sostenible**: asegurar continuidad y mejora de las iniciativas a lo largo del tiempo.
• **Equidad territorial**: garantizar que todos los vecinos del concello tengan acceso a los programas y recursos gratuitos de la Asociación.
• **Innovación social**: promover nuevas iniciativas que contribuyan a la prevención apoyo y acompañamiento.
• **Respeto y ética**: actuar siempre con respeto a los derechos de los ciudadanos, pacientes y voluntarios.
• **Colaboración institucional**: trabajar de manera coordinada con la Asociación y otros concellos en la Red.

Este concello colabora activamente dende hai anos en todas as iniciativas propostas pola Asociación Española Contra o Cancro, polo que existe un grande interese por parte deste concello en aceptar a adhesión a este iniciativa.

As bases reguladoras da "Rede de Concellos Contra o Cancro" remitidas a este concello ,no seu punto 3, establecen como un dos documentos necesarios para presentar a nosa candidatura, a certificación ou acta do Pleno municipal que acredite a aprobación do acordo de adhesión á Rede como garantía de continuidade e estabilidade do compromiso institucional.

Polo exposto, proponse ao Pleno do Concello a adopción do seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Solicitar o recoñecemento de Concello contra o cancro e a adhesión á "Rede de concellos contra o cancro" impulsada pola Asociación española contra o cancro na provincia da Coruña como garantía de continuidade e estabilidade do compromiso institucional."

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR a proposición de Alcaldía nos termos nos que quedou transcrita.

3. APROBACIÓN DA MEMORIA DE ALCALDÍA DENOMINADA "APOIO PARA GARANTIR A CONTINUIDADE DA PRÁCTICA DEPORTIVA FEDERADA NOS DEPORTES DE NATACIÓN E TRIATLÓN, DERIVADO DO PECHE TEMPORAL DA PISCINA MUNICIPAL DE CEDEIRA POR MOR DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN SUFRAGADAS POR ESTE CONCELLO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA" E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Polo Secretario dáse lectura á proposta de Alcaldía de data 28 de outubro de 2026, que di:

"Expte.: 2026/A007/000001

Asunto: APROBACIÓN DA MEMORIA DE ALCALDÍA DENOMINADA "APOIO PARA GARANTIR A CONTINUIDADE DA PRÁCTICA DEPORTIVA FEDERADA NOS DEPORTES DE NATACIÓN E TRIATLÓN, DERIVADO DO PECHE TEMPORAL DA PISCINA MUNICIPAL DE CEDEIRA POR MOR DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN SUFRAGADAS POR

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira https://sede.concellodecedeira.es co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

CVD: 2eLg1IqZUTAR2BoUb2l3 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/

ESTE CONCELLO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA" E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL

PROPOSTA AO PLENO

Este concello desexa levar a cabo un proxecto deportivo que garanta durante 12 meses a actividade nas modalidades de natación e triatlón, para o cal deberán asumirse diferentes gastos relativos aos salarios e cotizacións das persoas adestradoras do Club Natación Cedeira, aluguer e gastos de mantemento dunha furgoneta para os desprazamentos ao Concello de Cariño, aluguer da piscina do Concello de Cariño, gastos derivados da organización de competicións deportivas, material deportivo non inventariable e outras; e para o seu financiamento necesita solicitar unha subvención nominativa á Excma. Deputación Provincial.

O motivo deste investimento é o peche provisional da piscina municipal de Cedeira debido ás obras de ampliación que se están executando consistentes no aumento do vaso, na mellora dos espazos comúns, no illamento térmico e eficiencia enerxética e na renovación de equipamentos; e o prazo de execución destas obras prolongarase ata o terceiro trimestre de 2027.

A solicitude de apoio económico á Deputación Provincial da Coruña susténtase nas seguintes razóns de interese público de carácter deportivo, social e económico:

- Cedeira caracterízase por ser un concello donde a práctica deportiva ten un arraigo grande entre a poboación, coa existencia de 15 clubes deportivos entre os que destacan o fútbol, triatlón/natación, remo e badminton; sendo o triatlón e o remo os deportes con resultados deportivos de maior relevancia.

- Existencia da única Vía Ferrata de Galicia, denominada Vía Ferrata Senda do Santo.

- O concello conta con un dos 150 deportistas olímpicos de Galicia; e actualmente 5 cedeireses están recoñecidos polo Consello Superior de Deportes como deportistas de alto nivel.

- O Club Natación Cedeira é un grande promotor da práctica deportiva no concello, nas modalidades de triatlón e natación, conta con 120 deportistas nas categorías tanto masculinas como femininas e no ano 2025 participou en máis de 40 competicións deportivas oficiais (campionatos galegos, ligas galegas e campionatos de España). Este club actúa como receptivo doutros triatletas de alto nivel que fan concentracións de adestramento en Cedeira.

- Os obxectivos xerais do Concello co deporte son, entre outros, fomentar a práctica deportiva como elemento principal na adquisición de hábitos de vida saudables, impulsar a práctica deportiva para un envellecemento activo, favorecer a organización de eventos deportivos polo seu interese no fomento do deporte e polo impacto económico no concello; e mellorar a formación e cualificación das persoas vinculadas ao sector deportivo. En definitiva, acadar que o deporte sexa unha verdadeira sinal de identidade.

O importe necesario para a execución deste proxecto deportivo é de 48.780,00 €, do cal se solicita o apoio do 80% á Deputación Provincial e o 20% restante irá a cargo do Concello de Cedeira, co seguinte desglose:

- Denominación: APOIO PARA GARANTIR A CONTINUIDADE DA PRÁCTICA DEPORTIVA FEDERADA NOS DEPORTES DE NATACIÓN E TRIATLÓN, DERIVADO DO PECHE TEMPORAL DA PISCINA MUNICIPAL DE CEDEIRA POR MOR DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN SUFRAGADAS POR ESTE CONCELLO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira https://sede.concellodecedeira.es co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

CVD: 2eLg1IqZUTAR2BoUb2l3 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/

- Importe solicitado á Deputación Provincial da Coruña (80%): 39.024,00 €
- Importe a cargo do Concello de Cedeira (20%): 9.756,00 €
- Importe total: 48.780,00 €

O calendario para a realización deste proxecto deportivo é de 12 meses que abranguen desde o 1 de outubro de 2026 ata o 30 de setembro de 2027; e estímase que a súa xustificación se realice no mes de novembro de 2027.

Estando xa transcorrido o mes de outubro de 2026, e considerando que está pendente de aprobar e tramitar un convenio de colaboración, é polo que se pretenden efectos retroactivos para a vixencia do mesmo.

O motivo da solicitude de financiamento a través dun convenio en lugar de incluílo no Plan único POS+, é a urxente necesidade de afrontar os gastos para a continuidade das actividades dos deportistas de Cedeira no concello veciño de Cariño, o cal conta cunha piscina municipal; toda vez que de incluilo no POS+ do vindeiro exercicio perderíanse meses de adestramento dos deportistas de natación e triatlón; e tamén debido a que existen servizos esenciais obrigatorios a cumprir, que ocuparían a maior parte dos fondos asignados ao concello. O concello segue a traballar nos seus investimentos financeiramente sostibles: na renovación do saneamento no casco urbano, así como na súa ampliación nas parroquias, alumeados públicos, conservación de edificios municipais nas parroquias, asfaltados, gastos sociais, etc.

A maiores, a reactivación das regras fiscais, fai de moi difícil ou case imposible a utilización do Remanente Líquido de Tesourería. Non puidendo, polo tanto, afrontar o concello este tipo de investimentos, con este importe tan elevado, con cargo aos créditos inicias dos orzamentos.

Polo exposto, solicitamos a axuda económica á Deputación Provincial da Coruña para levar a cabo estas urxentes actuacións, tan necesarias para mellorar a calidade de vida da nosa veciñanza, no exercicio das competencias municipais de promoción do deporte e instalacións deportivas e ocupación do tempo de lecer, recoñecidas no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, mediante unha subvención nominativa, xa que o apoio económico que se pretende non se atopa incluído dentro de ningunha liña de subvencións das que conta a Deputación na actualidade e ás que o concello de Cedeira puidera acollerse.

Por isto, **propoño ao Pleno** da corporación a adopción do seguinte acordo**:**

1.- Aprobar a Memoria de Alcaldía denominada “APOIO PARA GARANTIR A CONTINUIDADE DA PRÁCTICA DEPORTIVA FEDERADA NOS DEPORTES DE NATACIÓN E TRIATLÓN, DERIVADO DO PECHE TEMPORAL DA PISCINA MUNICIPAL DE CEDEIRA POR MOR DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN SUFRAGADAS POR ESTE CONCELLO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA” asinada o 27.10.2026, polo importe total de 48.780,00 € (IVE incluído).

2.- Solicitar a inclusión da actividade denominada “APOIO PARA GARANTIR A CONTINUIDADE DA PRÁCTICA DEPORTIVA FEDERADA NOS DEPORTES DE NATACIÓN E TRIATLÓN, DERIVADO DO PECHE TEMPORAL DA PISCINA MUNICIPAL DE CEDEIRA POR MOR DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN SUFRAGADAS POR ESTE CONCELLO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA” nunha subvención nominativa da Excma. Deputación Provincial, co seguinte desglose económico para dúas anualidades:

Denominación:		Importe estimado

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira https://sede.concellodecedeira.es co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

CVD: 2eLg1IqZUTAR2BoUb2l3 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/

Apoio para garantir a continuidade da práctica deportiva federada nos deportes de natación e triatlón, derivado do peche temporal da piscina municipal de Cedeira por mor das obras de ampliación sufragadas por este concello e a Deputación Provincial da Coruña	Importe total investimento	2026	2027
Deputación Provincial	39.024,00	9.756,00	29.268,00
Concello de Cedeira	9.756,00	2.439,00	7.317,00
TOTAL	48.780,00	12.195,00	36.585,00

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2027 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal da actividade citada no apartado 1.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución dos servizos incluídos no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

6.- Facultar expresamente ao Alcalde D. Pablo Diego Moreda Gil, con DNI 33994323R, para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR a proposición de Alcaldía nos termos nos que quedou transcrita.

4. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 665/2026 DE DATA 28.10.2026 DE SOLICITUDE DE INCLUSION NO POS+ADIC 4 2026 PARA GASTO CORRENTE

Dáse conta ao Pleno da Resolución de Alcaldía núm. 665/2026 de data 28.10.2026, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: SOLICITUDE DE INCLUSION NO POS+ADIC 4 2026 PARA GASTO CORRENTE

Con data de outubro de 2026 recibiuse a Circular da Deputación Provincial da Coruña sobre a elaboración do POS+ADICIONAL 4/2026 PARA GASTO CORRENTE, REDUCIÓN DA DÉBEDA DOS CONCELLOS COA DEPUTACIÓN OU INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES, pola cal corresponde ao Concello un importe total de 242.604,41 €.

En base ao exposto, **RESOLVO:**

1.- “Participar na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ADICIONAL 4/2026”** da Deputación Provincial da Coruña**,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao obxecto que se indica a continuación:

	ACHEGA PROVINCIAL

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira https://sede.concellodecedeira.es co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

CVD: 2eLg1IqZUTAR2BoUb2l3 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/

	POS+AD 4/2026
Gastos correntes 2026	**242.604,41**
Redución da débeda do concello coa deputación	
TOTAL	242.604,41

Achega provincial asignada ao concello no POS+Adicional 4/2026	242.604,41
Achega provincial aplicada na 1ª fase do POS+Adicional 4/2026	242.604,41
Achega provincial pendente para a 2ª fase do POS+Adicional 4/2026	0,00

2.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

4.- Ratificar a presente resolución polo Pleno da corporación na vindeira sesión que realice."

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: RATIFICAR a Resolución de Alcaldía nº 665/2026 de data 28.10.2026.

1. SORTEO DOS MEMBROS DAS MESAS ELECTORAIS CORRESPONDENTES AO CONCELLO DE CEDEIRA PARA A REALIZACIÓN DAS ELECCIÓNS AO CONGRESO DOS DEPUTADOS E AO SENADO DO DÍA 29 DE NOVEMBRO DE 2026

Vista a convocatoria de eleccións xerais para o día 29 de novembro de 2026, efectuada polo Real Decreto 806/2026, de 5 de outubro, publicado no BOE núm. 248 do 6 de outubro de 2026, a teor do disposto no artigo 26 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, compete a esta Corporación a formación das mesas electorais, debendo ser designados o presidente e os vogais cos seus conseguintes suplentes mediante sorteo público entre a totalidade das persoas censadas na sección correspondente, entre os días vixésimo quinto e vixésimo noveno posteriores á convocatoria das eleccións. Os membros das mesas deberán ser menores de setenta anos, se ben a partir dos sesenta e cinco poderán manifestar a súa renuncia no prazo de sete días, e que saiban ler e escribir, debendo o Presidente ter título de Bacharelato ou de Formación Profesional de segundo Grao, ou subsidiariamente o de Graduado Escolar ou equivalente.

Estimando por tanto necesaria a fixación dos criterios que determinen de xeito automático aos electores que constituirán as mencionadas mesas, e considerando que ditos criterios deben ser aprobados pola Corporación con anterioridade á realización do sorteo, se propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

<u>Normas para a designación dos compoñentes das mesas electorais:</u>

1) Sorteo por cada distrito, sección e mesa.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira https://sede.concellodecedeira.es co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

CVD: 2eLg1IqZUTAR2BoUb2l3 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/

- O Censo Electoral extráese do programa AYTOS, proporcionado pola Deputación Provincial.

- Farase un único sorteo informático utilizando o programa AYTOS da Deputación Provincial; os cales cumpren os parámetros legais segundo a normativa especificada na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral.

2) Condicións para ser nomeado Presidente da mesa electoral ou suplente.

a) Ser menor de 70 anos.
b) Posuir, como mínimo, o título de Bacharelato Superior ou de F.P. de 2º grao; ou subsidiariamente o de Graduado Escolar ou equivalente.

3) Condicións para ser nomeado Vogal de mesa electoral ou suplente.

a) Ser menor de 70 anos.
b) Saber ler e escribir.

4) Nomeamento de membros de mesa electoral para os casos de requirilo a Xunta Electoral de Zona.

Xerarase, no mesmo sorteo, unha lista suplementaria consistente en dous suplentes por posto dos referenciados nos puntos 2 e 3 (Presidente e Vogais), e doce suplentes máis por posto, a maiores dos anteriores, en previsión dos casos nos que debido ás reclamacións estimadas pola Xunta Electoral de Zona, sexa necesario nomear novos membros de mesa electoral, tanto para o cargo de presidente como de vogais. Estes suplentes serán notificados só no referido suposto.

Acto seguido realizase o sorteo.

As mesas electorais correspondentes ó concello de Cedeira quedan constituídas do seguinte xeito:

Circunscrición electoral	Municipio	Distrito Censual	Sección	Mesa	Xunta Electoral de Zona
CORUÑA (A)	**CEDEIRA**	**01**	**001**	**U**	**FERROL**

CARGO NA MESA	1º APELIDO	2º APELIDO	NOME
TITULARES			
PRESIDENTE/A: D/Dª	FUENTE DE LA	MEDEIROS	IVAN
1º VOCAL: D/Dª	BREIJO	FRAGA	MANUEL FERNANDO
2º VOCAL:D/Dª	PEREZ	FERNANDEZ	AITOR
SUPLENTES			
1º PRESIDENTE/A: D/Dª	GARCIA	URRUTIA	AITOR
2º PRESIDENTE/A: D/Dª	GUERGUE	GUERGUE	AMALIA
1º DE 1º VOCAL: D/Dª	VERGARA	FREIRE	ANTONIO
2º DE 1º VOCAL: D/Dª	IGLESIAS	BOUZA	FERNANDO
1º DE 2º VOCAL: D/Dª	PONCE	SOTO	ASTRID
2º DE 2º VOCAL: D/Dª	GRANDAL	CALVO	JOSE ANTONIO

Circunscrición electoral	Municipio	Distrito Censual	Sección	Mesa	Xunta Electoral de Zona
CORUÑA (A)	**CEDEIRA**	**01**	**002**	**A**	**FERROL**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira https://sede.concellodecedeira.es co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

CVD: 2eLg1IqZUTAR2BoUb2l3 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/

CARGO NA MESA	1º APELIDO	2º APELIDO	NOME
TITULARES			
PRESIDENTE/A: D/Dª	BEREIJO	LOPEZ	PAULA
1º VOCAL: D/Dª	AGUILERA	BONAQUE	JUAN CARLOS
2º VOCAL:D/Dª	GARCIA	RODRIGUEZ	FRANCISCO JOSE
SUPLENTES			
1º PRESIDENTE/A: D/Dª	GONZALEZ	GARCIA	M. JOSE
2º PRESIDENTE/A: D/Dª	CANEIRO	GAGO	JUAN CARLOS
1º DE 1º VOCAL: D/Dª	LOPEZ	ROJAS	VICTOR ALEJANDRO
2º DE 1º VOCAL: D/Dª	BELLAS	ANEIROS	FRANCISCO JOSE
1º DE 2º VOCAL: D/Dª	CARDAMA	LEIRA	PILAR
2º DE 2º VOCAL: D/Dª	HORJALES	RODRIGUEZ	IRIA

Circunscrición electoral	Municipio	Distrito Censual	Sección	Mesa	Xunta Electoral de Zona
CORUÑA (A)	**CEDEIRA**	**01**	**002**	**B**	**FERROL**

CARGO NA MESA	1º APELIDO	2º APELIDO	NOME
TITULARES			
PRESIDENTE/A: D/Dª	VILLAR	MARTINEZ	RICARDO
1º VOCAL: D/Dª	SEDES	MANTEIGA	GIOVANNA
2º VOCAL:D/Dª	RIUDAVETS	DIAZ	JORGE
SUPLENTES			
1º PRESIDENTE/A: D/Dª	RODRIGUEZ	PARDO	MARIA MONTSERRAT
2º PRESIDENTE/A: D/Dª	MUIÑO	BALSEIRO	PABLO
1º DE 1º VOCAL: D/Dª	MUIÑO	CASTRO	MARIA DEL CARMEN
2º DE 1º VOCAL: D/Dª	TORRES	GOMEZ	LUIS
1º DE 2º VOCAL: D/Dª	NICOBARA	SENOVILLA	MARTA MARISOL
2º DE 2º VOCAL: D/Dª	MONTES	PICOS	MARTA MARIA

Circunscrición electoral	Municipio	Distrito Censual	Sección	Mesa	Xunta Electoral de Zona
CORUÑA (A)	**CEDEIRA**	**01**	**003**	**A**	**FERROL**

CARGO NA MESA	1º APELIDO	2º APELIDO	NOME
TITULARES			
PRESIDENTE/A: D/Dª	LOPEZ	HEVIA	CRISTINA
1º VOCAL: D/Dª	BOUZA	FREIRE	LAURA MARIA
2º VOCAL:D/Dª	GRANDAL	GONZALEZ	DANIEL
SUPLENTES			
1º PRESIDENTE/A: D/Dª	LOPEZ	NEBRIL	TANIA
2º PRESIDENTE/A: D/Dª	GRAÑA	AGUILAR	MONTSERRAT
1º DE 1º VOCAL: D/Dª	GARCIA	LOPEZ	LUIS
2º DE 1º VOCAL: D/Dª	CABANA	RAMOS	JUAN VICENTE
1º DE 2º VOCAL: D/Dª	IGLESIAS	RODRIGUEZ	CRISTIAN
2º DE 2º VOCAL: D/Dª	GOMEZ	EVANGELISTA	LUKAS

Circunscrición	Municipio	Distrito	Sección	Mesa	Xunta Electoral de Zona

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira https://sede.concellodecedeira.es co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

CVD: 2eLg1IqZUTAR2BoUb2l3 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/

electoral		Censual			
CORUÑA (A)	**CEDEIRA**	**01**	**003**	**B**	**FERROL**

CARGO NA MESA	1º APELIDO	2º APELIDO	NOME
TITULARES			
PRESIDENTE/A: D/Dª	VILLADONIGA	VILLADONIGA	MARGARITA
1º VOCAL: D/Dª	SOUZA	DOS SANTOS	PAMELA
2º VOCAL:D/Dª	PARDO	NOVO	MIGUEL
SUPLENTES			
1º PRESIDENTE/A: D/Dª	PRIETO	FERNANDEZ	BRUNO
2º PRESIDENTE/A: D/Dª	PITA	MARTINEZ	MANUEL
1º DE 1º VOCAL: D/Dª	MUIÑO	GOMEZ	ROBERTO
2º DE 1º VOCAL: D/Dª	PERNAS	RODRIGUEZ	LUIS MANUEL
1º DE 2º VOCAL: D/Dª	PRIETO	LAGO	CANDIDO EUSEBIO
2º DE 2º VOCAL: D/Dª	TRIGO	VAZQUEZ	NATIVIDAD

Circunscrición electoral	Municipio	Distrito Censual	Sección	Mesa	Xunta Electoral de Zona
CORUÑA (A)	**CEDEIRA**	**01**	**004**	**A**	**FERROL**

CARGO NA MESA	1º APELIDO	2º APELIDO	NOME
TITULARES			
PRESIDENTE/A: D/Dª	MUIÑO	PEREZ	COSME
1º VOCAL: D/Dª	PEREZ	GARCIA	ARGENTINA
2º VOCAL:D/Dª	PEREZ	IGLESIAS	XULIA
SUPLENTES			
1º PRESIDENTE/A: D/Dª	LOPEZ	CORDOBA	MATHIAS
2º PRESIDENTE/A: D/Dª	BELLON	FERNANDEZ	HUGO
1º DE 1º VOCAL: D/Dª	LABRAÑA	PIÑON	LORENA
2º DE 1º VOCAL: D/Dª	PEREIRA	DA SILVA	MARIA ROZILENE
1º DE 2º VOCAL: D/Dª	GARCIA	ANEIROS	DELIA
2º DE 2º VOCAL: D/Dª	ARRIVI	CARRO	MARIA ESTRELLA

Circunscrición electoral	Municipio	Distrito Censual	Sección	Mesa	Xunta Electoral de Zona
CORUÑA (A)	**CEDEIRA**	**01**	**004**	**B**	**FERROL**

CARGO NA MESA	1º APELIDO	2º APELIDO	NOME
TITULARES			
PRESIDENTE/A: D/Dª	BUSTABAD	ALONSO	JOSE MANUEL
1º VOCAL: D/Dª	CANEIRO	MARTINEZ	M. DEL CARMEN
2º VOCAL:D/Dª	LOPEZ	PEREZ	MARIA DEL MAR
SUPLENTES			
1º PRESIDENTE/A: D/Dª	NOVAIS	PITA	MIGUEL
2º PRESIDENTE/A: D/Dª	MARTINEZ	LOPEZ	HILDA
1º DE 1º VOCAL: D/Dª	GARCIA	QUIZA	RICARDO
2º DE 1º VOCAL: D/Dª	FERNANDEZ	RODRIGUEZ	JUAN CARLOS
1º DE 2º VOCAL: D/Dª	PERNAS	CANDALES	DOLORES
2º DE 2º VOCAL: D/Dª	BELLON	PERNAS	IVAN

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira https://sede.concellodecedeira.es co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

CVD: 2eLg1IqZUTAR2BoUb2l3 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/

Circunscrición electoral	Municipio	Distrito Censual	Sección	Mesa	Xunta Electoral de Zona
CORUÑA (A)	**CEDEIRA**	**01**	**004**	**C**	**FERROL**

CARGO NA MESA	1º APELIDO	2º APELIDO	NOME
TITULARES			
PRESIDENTE/A: D/Dª	SAAVEDRA	RIVAS	NURIA
1º VOCAL: D/Dª	DIAZ	CAL	M. SUSANA
2º VOCAL:D/Dª	FERNANDEZ	PELAEZ	MARINA
SUPLENTES			
1º PRESIDENTE/A: D/Dª	ARRIVI	CAMPOS	ESTEFANIA
2º PRESIDENTE/A: D/Dª	REINA	TRANCOSO	MANUEL
1º DE 1º VOCAL: D/Dª	GARCIA	FERNANDEZ	ANDRES
2º DE 1º VOCAL: D/Dª	RODRIGUEZ	VILLAR	ALBA
1º DE 2º VOCAL: D/Dª	FERNANDEZ	BUSTABAD	MARIA DE LAS MERCEDE
2º DE 2º VOCAL: D/Dª	ARZUA	TOURIÑO	JAVIER

Circunscrición electoral	Municipio	Distrito Censual	Sección	Mesa	Xunta Electoral de Zona
CORUÑA (A)	**CEDEIRA**	**01**	**004**	**D**	**FERROL**

CARGO NA MESA	1º APELIDO	2º APELIDO	NOME
TITULARES			
PRESIDENTE/A: D/Dª	ANEIROS	LORENZO	JULIO
1º VOCAL: D/Dª	COBA	HERMIDA	JOSE ANGEL
2º VOCAL:D/Dª	DIAZ	LOURIDO	MATILDE
SUPLENTES			
1º PRESIDENTE/A: D/Dª	PENA	CORGOS	M. BEATRIZ
2º PRESIDENTE/A: D/Dª	LOUREIRO	LOUREIRO	ANA MARY
1º DE 1º VOCAL: D/Dª	NEBRIL	COUTO	JOSE MANUEL
2º DE 1º VOCAL: D/Dª	SANDE	RODRIGUEZ	MANUEL
1º DE 2º VOCAL: D/Dª	TARACIDO	GARCIA	MARIA ROCIO
2º DE 2º VOCAL: D/Dª	TEIXEIRA	LOPEZ	CARLOS

Circunscrición electoral	Municipio	Distrito Censual	Sección	Mesa	Xunta Electoral de Zona
CORUÑA (A)	**CEDEIRA**	**01**	**006**	**A**	**FERROL**

CARGO NA MESA	1º APELIDO	2º APELIDO	NOME
TITULARES			
PRESIDENTE/A: D/Dª	CHAMIZO	MARTINEZ	MONTSERRAT
1º VOCAL: D/Dª	MERA	GONZALEZ	FERNANDEZ
2º VOCAL:D/Dª	MUIÑO	RODRIGUEZ	HUGO
SUPLENTES			
1º PRESIDENTE/A: D/Dª	MUIÑO	RODRIGUEZ	FABIAN
2º PRESIDENTE/A: D/Dª	MIGUEZ	PARDO	TAMARA
1º DE 1º VOCAL: D/Dª	MUIÑO	RODRIGUEZ	SUSANA
2º DE 1º VOCAL: D/Dª	ROCA	GACIO	DIEGO
1º DE 2º VOCAL: D/Dª	RODRIGUEZ	ALONSO	ALBERTO
2º DE 2º VOCAL: D/Dª	BREIJO	DURAN	ANGELA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira https://sede.concellodecedeira.es co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

CVD: 2eLg1IqZUTAR2BoUb2l3 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/

Circunscrición electoral	Municipio	Distrito Censual	Sección	Mesa	Xunta Electoral de Zona
CORUÑA (A)	**CEDEIRA**	**01**	**006**	**B**	**FERROL**

CARGO NA MESA	1º APELIDO	2º APELIDO	NOME
TITULARES			
PRESIDENTE/A: D/Dª	ORJALES	GARCIA	MARIA JOSE
1º VOCAL: D/Dª	CORRAL	DIAZ	AVELINA
2º VOCAL:D/Dª	CABALLERO	JULIA	FERNANDO
SUPLENTES			
1º PRESIDENTE/A: D/Dª	DOCANTO	PEREZ	SARA
2º PRESIDENTE/A: D/Dª	ARRIVI	PEREZ	ALBA
1º DE 1º VOCAL: D/Dª	ALONSO	MARTINEZ	JOSE LUIS
2º DE 1º VOCAL: D/Dª	DIAZ	CASTIÑEIRAS	MARIA JOSE
1º DE 2º VOCAL: D/Dª	GARCIA	LAGO	TERESA
2º DE 2º VOCAL: D/Dª	CASAL	FRAGUELA	ADRIAN

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 09:35 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretario, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

O SECRETARIO
FRANCISCO JAVIER ZUNZUNEGUI VÁZQUEZ

CVD: 2eLg1IqZUTAR2BoUb2l3 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cedeira.gal/

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira https://sede.concellodecedeira.es co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.